

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Decreto 221/2003, do 27 de marzo, polo que se establece un réxime simplificado no control dos traslados de residuos perigosos producidos por pequenos produtores de residuos.

A exposición de motivos da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, seguindo o criterio da normativa comunitaria sinala que, como complemento da regulación de carácter xeral, se poderán dictar normas para os diferentes tipos de residuos coa finalidade de establecer disposicións particulares sobre a súa produción ou xestión. Así, tamén a disposición adicional primeira da devandita norma permite que regulamentariamente se estableza un réxime menos severo para os pequenos produtores de residuos perigosos ou de produtos do uso dos cales puidesen derivar tales residuos. Por último, a disposición derradeira terceira da Lei 10/1998 reconece as competencias das comunidades autónomas no desenvolvemento e na execución da devandita lexislación básica.

Neste sentido, púidose constatar que certas actividades industriais ou de servicios, tales como as tinturerías, os laboratorios fotográficos, os talleres mecánicos, as imprentas, as realizadas por profesionais sanitarios, poden chegar a xerar residuos perigosos en pequenas cantidades que, de acordo coa normativa vixente, deben ser entregados a xestores autorizados. Non obstante, a práctica demostrou que o uso e a aplicación ás devanditas entregas dos documentos oficiais de control e seguimento establecidos con carácter xeral polo Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos, resultan desproporcionados.

Por iso se considerou conveniente establecer, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, un réxime simplificado de control na recollida e traslado de residuos procedentes de pequenos produtores de residuos perigosos, nunha dobre dirección: por unha parte, facilitando o control nas recollidas itinerantes de residuos perigosos en pequenas cantidades realizadas por un xestor a varios produtores e, por outra, permitindo que as recollidas de distintos residuos dun mesmo produtor realizadas por un xestor, se poidan documentar nun só protocolo.

Deste xeito, a diferenza do actual sistema de control de traslados de residuos perigosos, este procedemento non esixirá que por cada traslado e por cada residuo se teña que realizar un documento de control e seguimento, contendo tamén unha simplificación o sistema de cotexo de datos entre o pequeno produtor e o xestor de residuos.

Este réxime simplificado pretende incidir exclusivamente na tramitación e documentación dos traslados de residuos perigosos, sen afecta-lo réxime xeral das obrigas establecidas na actual normativa

respecto das dos produtores e xestores de residuos perigosos.

Por todo iso, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinteseite de marzo de dous mil tres,

DISPOÑO:

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O obxecto deste decreto é establecer un réxime simplificado de control da recollida de residuos perigosos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e simplifica-lo control do transporte de residuos perigosos xerados polos pequenos produtores destes residuos, entendendo por pequenos produtores aqueles que xeran ou importan menos de 10.000 kg ó ano de residuos tóxicos e perigosos e están inscritos no Rexistro Xeral de Xestores e Produtores de Residuos de Galicia.

2. Neste réxime simplificado, o control da xestión dos residuos levarase a cabo mediante os modelos de documentos de control dos residuos que se regulan neste decreto nos artigos 3º, 4º e 8º, en concreto:

- a) Documento de control e seguimento itinerante de residuos perigosos (modelo SXCR 1).
- b) Xustificante de entrega (modelo SXCR 2).
- c) Documento de control e seguimento de varios residuos recollidos a un mesmo pequeno produtor (modelo SXCR 3).

3. O procedemento regulado nesta norma aplica-se ós traslados de residuos perigosos que se orixinen entre os pequenos produtores de residuos perigosos e os xestores destes residuos dentro da Comunidade Autónoma galega e non será aplicable ós traslados que se orixinen entre produtores de residuos perigosos de máis de 10.000 quilogramos anuais e xestores de residuos perigosos, nin entre os xestores entre si.

Capítulo II Actuacións previas ó traslado de residuos perigosos

Artigo 2º.-Documento de aceptación.

1. Con carácter previo á entrega e transporte de residuos perigosos, o pequeno produtor do residuo deberá obte-lo documento de aceptación por parte do xestor destinatario destes. No dito documento deberá consta-lo consentimento do xestor, a súa sinatura e os datos do residuo aceptado relativos á identificación con código CER e do Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio.

2. O pequeno produtor dos residuos deberá efectuar un aviso previo do traslado á dirección xeral competente en materia de calidade ambiental, cunha antelación de polo menos 10 días á data do traslado.

Neste aviso previo identificarase o pequeno produtor que vai efectuar a entrega e expresarse o lugar de recollida, a matrícula do vehículo e o transportista que se utilizará, a data e o itinerario previsto de recollida e o tipo de residuo que se vaian trasladar, con identificación do CER e do xestor do residuo.

3. O pequeno produtor poderá convir co xestor que sexa este quen efectúe o aviso previo de traslado. Este acordo deberá formalizarse por escrito e será comunicado á dirección xeral competente en materia de calidade ambiental.

Capítulo III

Documentos para o control de traslados dos residuos perigosos

Artigo 3º.-Documento de control e seguimento itinerante.

1. O documento de control e seguimento itinerante (anexo I. Modelo SXCR-1) é o documento normalizado que se debe utilizar cando un xestor de residuos perigosos ou un transportista de residuos que non asume a súa titularidade recollen un mesmo tipo de residuo de varios produtores nun itinerario.

2. En cada documento só se poden reflectir os traslados dun mesmo tipo de residuo.

3. O documento de control e seguimento itinerante constará de tres exemplares en papel autocopiativo, de cor branca, verde e azul:

- a) O exemplar branco é para o xestor.
- b) O exemplar verde é para o transportista.
- c) O exemplar azul é para a dirección xeral competente en materia de calidade ambiental.

4. O documento de control e seguimento itinerante constará, así mesmo, dun talonario con 20 xustificantes de entrega de residuos que permiten a recollida en 20 centros produtores de residuos, cunha numeración que se corresponderá coa correlativa do documento de control e seguimento itinerante.

Artigo 4º.-Xustificante de entrega.

1. O xustificante de entrega (anexo II. Modelo SXCR-2) é o documento de control da recollida e entrega do residuo do pequeno produtor no que só poderán constar as entregas de residuos perigosos. O devandito documento serviralle ó pequeno produtor como comprobante do destino dado ó residuo.

2. Nos supostos de recollida itinerante de residuos efectuada por un xestor de residuos perigosos, este documento servirá para acreditar a asunción de responsabilidade das cantidades de residuo recollidas polo xestor. A partir da súa entrega ó xestor, o produtor do residuo non asume ningunha responsabilidade polo transporte e xestión deste.

3. Nos supostos de recollida itinerante de residuos efectuada por un transportista que non asume a titularidade do residuo para a súa posterior entrega a un xestor, o dito xustificante terá carácter provisional ata a efectiva recepción e aceptación dos residuos polo xestor.

4. Cada xustificante de entrega constará de dous exemplares en papel autocopiativo, de cor amarela e rosa, no que se recollerán os datos do produtor, do transportista e do xestor:

a) O exemplar amarelo é o xustificante de entrega para o produtor do residuo. O devandito xustificante terá carácter provisional no caso de que a entrega non se efectúe a un xestor que asume a titularidade do residuo.

O uso deste exemplar non será preciso no suposto de que a entrega se realice directamente a un xestor.

b) O exemplar rosa é o xustificante de entrega definitiva que o xestor lle remitirá ó produtor que, previamente, efectuase a entrega a un transportista.

Artigo 5º.-Entrega de residuos a xestor autorizado no procedemento de control e seguimento itinerante.

1. No acto de recollida dos residuos, o xestor ou o transportista deberá cubrir por completo e asinalo documento de control e seguimento itinerante cos datos correspondentes a cada entrega. En todo caso, no documento de control e seguimento itinerante tamén deberá figurar a sinatura do produtor, o selo do centro onde se retira o residuo perigoso e a sinatura e selo do xestor que amose a súa conformidade para a recollida do residuo.

2. No suposto de que a entrega se efectúe directamente a un xestor autorizado este deberá, en caso de aceptalo, proporcionar a copia de cor rosa do xustificante de entrega debidamente asinada e selada ó pequeno produtor do residuo.

Artigo 6º.-Entrega de residuos a transportista que non asume a súa titularidade no procedemento de control e seguimento itinerante.

O procedemento simplificado de control e seguimento de residuos, a entrega dos cales se efectúe a un transportista que non asume a titularidade do residuo para a súa ulterior entrega a un xestor, é o seguinte:

a) No acto de recollida de residuos, o transportista deberá entregar debidamente asinada e selada a copia de cor amarela do xustificante de entrega ó produtor, na que fará constar que vai realizar o transporte e a entrega ó xestor nas condicións e forma axeitadas.

b) Unha vez efectuada a entrega do residuo ó xestor, este comprobará que os datos que constan no documento de control e seguimento itinerante son correctos e procederá a aceptar, se é o caso, o residuo mediante a devolución da copia de cor verde da folla de seguimento ó transportista. Así mesmo, enviará a copia de cor rosa do xustificante de entrega debidamente asinada e selada ó produtor nun prazo máximo de quince días, contados desde a data da entrega do residuo polo transportista, e a copia de cor azul á dirección xeral competente en materia de calidade ambiental.

c) Se o xestor aprecia que o residuo non concorda coas características do que foi aceptado por el, deberá rexeitalo reflectindo esta circunstancia no correspondente documento de control e seguimento itinerante e serán por conta dos produtores os gastos ocasionados como consecuencia da devandita devo-

lución. O prazo para rexeitar e devolve-lo residuo poderá ser de ata cinco días se o xestor tivese que tomar mostras do residuo non identificable visualmente.

d) Os resultados destas mostras deberán conservarse polo menos durante 6 meses desde que se puxo en coñecemento da Administración o rexeitamento do residuo.

e) Neste caso, nas copias de cor azul e rosa dirixidas á dirección xeral competente en materia de calidade ambiental e ó produtor reflectiranse as circunstancias do rexeitamento.

Artigo 7º.-Obrigas de conservación.

1. O produtor deberá conserva-la copia rosa do xustificante de entrega durante un período non inferior a cinco anos e a copia amarela ata que lle sexa entregada a de cor rosa e, en todo caso, non máis de cinco anos.

2. O transportista deberá conserva-la copia de cor verde do documento de control e seguimento itinerante durante un período non inferior a cinco anos.

3. O xestor deberá conserva-la copia de cor branca do documento de control e seguimento itinerante durante un período non inferior a cinco anos.

Artigo 8º.-Documento de control e seguimento de varios residuos perigosos recollidos a un mesmo pequeno produtor.

1. Este documento (anexo III-modelo SXCR.3) é o documento normalizado que se utilizará cando un xestor de residuos perigosos ou un transportista destes residuos que non asume a titularidade recollen varios tipos de residuos dun mesmo produtor.

2. En cada documento reflectiranse os datos de ata un máximo de 18 residuos perigosos.

3. O documento constará de cinco exemplares en papel autocopiativo, de cor branca, amarela, rosa, azul e verde:

-O exemplar de cor branca é para o xestor.

-Os de cor amarela e rosa para o produtor.

-O exemplar de cor azul é para a dirección xeral competente en materia de calidade ambiental.

-O exemplar verde é para o transportista.

4. No acto de entrega dos residuos, o xestor ou transportista deberá cubrir este documento de control e seguimento de varios residuos perigosos (anexo III), que lle facilitará ó produtor para a súa sinatura e conformidade coa entrega e cos datos que constan no documento.

No documento deberá figura-lo selo e sinatura do produtor, do xestor e, se é o caso, do transportista que non asume a titularidade do residuo.

Artigo 9º.-Entrega dos residuos a xestor autorizado no procedemento de control das recollidas de varios residuos dun mesmo produtor.

Se a entrega se efectúa directamente a un xestor autorizado, este asumirá a titularidade e a responsabilidade do residuo unha vez suscrito o documento de conformidade por el e polo produtor.

Neste caso, o xestor quedará coa copia de cor branca, entregándolle a copia de cor rosa ó produtor, e enviará a de cor azul á dirección xeral competente en materia de calidade ambiental.

Artigo 10º.-Entrega dos residuos a transportista que non asuma a súa titularidade no procedemento de control das recollidas de varios residuos dun mesmo produtor.

1. Se a entrega se efectúa a un transportista de residuos que non asume a titularidade, unha vez suscrito o documento por el e polo produtor, entregará a copia amarela ó produtor que lle servirá como xustificante da entrega do residuo ó transportista, pero non suporá a transmisión da titularidade do residuo ó xestor.

2. En canto ó resto das copias, a verde manteraa no seu poder e deberá conservala durante un mínimo de cinco anos e as demais entregarallas ó xestor de residuos:

a) O xestor, unha vez aceptado o residuo, subscribirá o documento de control, asumindo nese momento a titularidade do residuo e enviará a copia rosa, debidamente dilixenciada, ó produtor, que deberá conservala durante un mínimo de cinco anos, e remitirá a azul á dirección xeral competente en materia de calidade ambiental.

b) Se o xestor apreciase que as características de residuo non concordan coas características do que foi aceptado por el, deberá rexeita-lo residuo. Neste caso, devolveralle o residuo ó produtor e serán por conta deste os gastos ocasionados. O prazo para rexeitar e devolve-lo residuo poderá ser de ata cinco días se o xestor tivese que tomar mostras do residuo non identificable visualmente.

3. O resultado destas mostras deberá conservarse polo menos durante 6 meses desde que se puxo en coñecemento da Administración o rexeitamento do residuo.

Neste caso, nas copias de cor azul e rosa dirixidas á dirección xeral competente en materia de calidade ambiental e ó produtor reflectiranse as circunstancias do rexeitamento.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Medio Ambiente para dictar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor ós dous meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteseite de marzo de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

**Documento de control e seguimento itinerante de residuos perigosos
(Modelo SXCR 1)**

Nº DE SERIE DO DOCUMENTO									
DATOS DO XESTOR									
NOME OU RAZÓN SOCIAL		Nº DE AUTORIZACIÓN XESTOR			LUGAR DE ALMACENAMENTO				
NIF									
DATOS DO TRANSPORTE									
NOME DA EMPRESA		ENDEREZO		TELEFONO		E-MAIL		Nº DE INSCRICIÓN	
MATRICULA DO VEHICULO									
DATOS DO RESIDUO									
NOME DO RESIDUO		CÓDIGO CER		CÓDIGO RD 952/97		Nº DE AUTORIZACIÓN DO XESTOR FINAL		NOME DO XESTOR FINAL	
INCIDENCIAS DA RECOLLIDA, TRASLADO E ENTREGA DOS RESIDUOS									
DATOS DOS PEQUENOS PRODUCTORES									
Nº DE XUSTA-FICAN-TE DE ENTREGA	NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF	CENTRO DE RECOLLIDA	Nº DE INSCRICIÓN NO REGISTRO DE PEQUENOS PRODUCTORES	QUILLOS RECOLLIDOS	DATA DE RECOLLIDA	SINATURA E SELO DA EMPRESA PRODUCTORA		
SELO E SINATURA DO TRANSPORTISTA QUE NON ASUME A TITULARIDADE DO RESIDUO EN CASO DE QUE O RECOLLEADOR ACTUE COMO MERO TRANSPORTISTA)								SELO, SINATURA E DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DO RESIDUO DO XESTOR RECOLLEADOR ACEPTO OS RESIDUOS RELACIONADOS NO PRESENTE DOCUMENTO ASUMINDO A SÚA RESPONSABILIDADE	

DOCUMENTOS AUTOCOPIATIVOS (SALVO O EPÍGRAFE DE SINATURA)
1 PARA O XESTOR RECOLLEADOR- 1 PARA A CC.AA.- 1 PARA O TRANSPORTISTA

**Xustificante de entrega
(Modelo SXCR 2)**

Nº DE XUSTIFICANTE DE ENTREGA		
DATOS DO PEQUENO PRODUCTOR		
NOME DO PEQUENO PRODUCTOR	NÚMERO DE INSCRICIÓN NO R.X.P.X.G.	
DATOS DO XESTOR RECOLLEADOR QUE ASUME A TITULARIDADE DO RESIDUO		
NOME DO XESTOR	NÚMERO DE AUTORIZACIÓN	
DATOS DO RESIDUO		
NOME DO RESIDUO	QUILLOS RECOLLIDOS	CÓDIGO CER
NOME DO TRANSPORTISTA		Nº DE AUTORIZACIÓN DO TRANSPORTISTA
SINATURA E SELO DO XESTOR RECOLLEADOR QUE ASUME A TITULARIDADE DO RESIDUO		SINATURA E SELO DO TRANSPORTISTA (SÓ NOS CASOS EN QUE ACTUA COMO MERO TRANSPORTISTA)

Documento de control e seguimento de varios residuos recolhidos a un mesmo pequeno produtor (Modelo SXCR 3)

DATA DE RECOLLIDA		Nº DO DOCUMENTO	
DATOS DO PRODUTOR			
NOME OU RAZÓN SOCIAL	CENTRO DE RECOLLIDA		Nº DE INSCRIPCIÓN NO REGISTRO XERAL DE PRODUTORES E XESTORES DE RESIDUOS DE GALICIA
ENDEREZO			
NIF			
E-MAIL			
DATOS DO XESTOR			
DATOS DO XESTOR RECOLLEDOUR		Nº DE INSCRIPCIÓN NO REGISTRO XERAL DE PRODUTORES E XESTORES DE RESIDUOS DE GALICIA	
NOME OU RAZÓN SOCIAL		LUGAR DE ALMACENAMENTO	
NIF			
E-MAIL			
DATOS DO TRANSPORTE			
NOME DA EMPRESA	ENDEREZO	TELÉFONO	E-MAIL
MATRÍCULA DO VEHÍCULO			Nº DE INSCRIPCIÓN
DATOS DO RESIDUO (TÓDOLOS RECOLLIDOS POR UN MESMO XESTOR)			
DOC	NOME DO RESIDUO	CODIGO CER	CODIGO RD 952/97
A			CANTIDADE (EN QUILOS)
B			NOME DO XESTOR FINAL
C			Nº DE AUTORIZACIÓN DO XESTOR FINAL
D			
E			
F			
G			
H			
INCIDENCIAS DA RECOLLIDA, TRASLADO E ENTREGA			
SINATURA E SELO DO PRODUTOR	SINATURA E SELO DO TRANSPORTISTA QUE NON É RECOLLEDOUR ACTUO COMO MERO TRANSPORTISTA)	SINATURA E DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DO RESIDUO DO XESTOR RECOLLEDOUR ACCEPTO OS RESIDUOS RELACIONADOS NO PRESENTE DOCUMENTO ASUMINDO A SÚA RESPONSABILIDADE	

DOCUMENTOS AUTOCOPATIVOS (SALVO O EPÍGRAFE DE SINATURA)

2 PARA O PRODUTOR - 1 PARA O TRANSPORTISTA - 1 PARA O XESTOR - 1 PARA A CC.AA.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 25 de marzo de 2003 pola que se fai pública a validación do curso de especialidade en lingua galega.

A Orde do 26 de novembro de 1993 (*Diario Oficial de Galicia* do 23 de decembro), no seu artigo 2 establece que se lles validará o curso de especialidade en lingua galega ós licenciados en filoloxía e ós diplomados en EXB polas escolas universitarias de formación do profesorado de EXB, que estean en posesión dos certificados do ciclo elemental e do ciclo superior de galego das escolas oficiais de idiomas.

Polo anteriormente exposto,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Concede-la validación do curso de especialidade en lingua galega ás persoas que se relacionan a seguir, por reuniren os requisitos establecidos no artigo 2 da Orde do 26 de novembro de 1993:

Mª del Consuelo Montes Tilve	35255947
Manuel Maroño Frade	32649399
Ana Isabel López Novo	76863694

Artigo 2º

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria expedirálle-los correspondentes diplomas.

Disposición derradeira

Facúltase a Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2003.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 1 de abril de 2003 pola que se establecen os criterios xerais de informe e avaliacións da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a contratación do persoal docente e investigador.

A Lei orgánica 6/2001, de universidades atribúe, no seu artigo 31, as funcións de avaliación, certificación e acreditación á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación e os órganos de avaliación que as leis doutras comunidades autónomas determinen.